

ACTA Nº 48 DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

DATA: 22 de xaneiro de 2024

HORA DE COMEZO: 9:30 h.

HORA DE REMATE: 14:00 h.

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana M^ª (PAS)
Campos Magdaleno, María (PDI)
Dosil Díaz, Carlos (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)
Simil Romero, Isabel (Representante de estudantes)
Souto Seijo, Alba María (PDI)

DICULPA ASISTENCIA

López Gómez, Santiago (PDI)

CONVIDADA

Fernández Fernández, Natalia

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (achégase acta).
2. Aprobación, se procede, da nova composición das Comisións da Facultade (achégase documento).
3. Aprobación, se procede, da creación da Comisión de Convivencia da FFP e acordos a tomar.
4. Aprobación, se procede, da concesión de Bolsas SICUE para o alumnado da FFP e acordos a tomar (achégase documento).
5. Aprobación, se procede, da elaboración dun documento guía de funcións de delegados de curso.
6. Revisión e análise dos Plans de Melloras 2022-23 e 2023-24. Debate e acordos a tomar.
7. Revisión e análise da versión preliminar do Plan Estratéxico de Centro 2024-26. Debate e acordos a tomar (achégase documento).
8. Revisión e análise da versión preliminar da Guía para profesorado de nova incorporación. Debate e acordos a tomar (achégase documento).
9. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, da a palabra á secretaria, Virginia Aznar, quen indica que non houbo alegacións e somete a aprobación a acta nº 47 da Comisión de Calidade da FFP. Apróbase por asentimento.

2. Aprobación, se procede, da nova composición das Comisións da Facultade.

A presidenta da comisión explica a nova composición das comisións da Facultade (ver anexo), indicando que a única que permanece cos mesmos membros e a Comisión de Título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil.

A presidenta somete a aprobación a Comisión Permanente, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria, a Comisión de Practicum e Traballo Fin de Grao, a Comisión de Xénero, a Comisión de Biblioteca, a Comisión de Normalización Lingüística, a Comisión de Asuntos Económicos e Servizos, a Comisión de Docencia e Validacións, e a Comisión de Bioética. Apróbanse todas por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da creación da Comisión de Convivencia da FFP e acordos a tomar.

A presidenta da comisión lembra que na Xunta de Facultade de 21 de decembro de 2023 tratouse o tema dos comportamentos disruptivos nas aulas do alumnado, e na que se

acordou a creación dunha comisión de convivencia, polo que cómpre regular as bases e dotar de contido a esta comisión. A presidenta suxire facer un chamamento a profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos, para que mostren o seu interese en participar nesta comisión. Coas persoas que se presenten se creará un grupo de traballo que sería o encargado de establecer as funcións, e axuste da composición, de ser o caso, desta comisión.

Apróbase a creación da Comisión de Convivencia, co acordo de facer un chamamento a todos os sectores implicados para formar o grupo de traballo.

4. Aprobación, se procede, da concesión de Bolsas SICUE para o alumnado da FFP e acordos a tomar.

A presidenta da comisión da a palabra a Paula López Rúa, vicedecana e responsable académica de mobilidade (RAM) da FFP. Paula López lembra que as convocatorias SICUE non teñen dotación económica e pode que esa sexa a razón de que o alumnado non as solicite. Dende a Facultade vanse propoñer axudas para potenciar este tipo de mobilidade. Indica que os criterios que se poden ter en conta para a concesión destas axudas pode ser, por unha banda, o expediente académico e, por outra, criterios económicos. Para decidir que criterios económicos se poden ter en conta comenta os indicados nas axudas complementarias para estudantes con menos oportunidades das convocatorias ERASMUS.

Despois de discutir cada un dos criterios entre os membros da comisión, ter en conta a baremación que habería que aplicar, e valorar se se poden conceder neste curso 2023-24, acórdase que neste curso 2023-24 se elaboren as bases da convocatoria da axuda, para que saia no curso 2024-25 xunto coa convocatoria das prazas SICUE. E que unha vez se teña a adxudicación definitiva de prazas SICUE, se concedan as axudas atendendo aos seguintes criterios: o expediente académico do alumnado con praza adxudicada, a ser beneficiario dunha bolsa de estudos, e un criterio económico por determinar.

5. Aprobación, se procede, da elaboración dun documento guía de funcións de delegados de curso.

A presidenta da comisión cede a palabra á vicedecana Paula López, quen comenta que a elaboración dun documento guía de funcións de delegados de curso é unha cuestión que xa ten falado coas Coordinadoras de Título, María Campos e Alba Souto, polas demandas dos propios delegados/as de curso. A vicedecana presenta un primeiro borrador con ideas que somete a debate. As funcións dos delegados que se propoñen neste borrador son: manterse en contacto cos representantes do alumnado na Xunta de Centro e nas outras comisións, difundir información sobre os procesos electorais, fomentar o cumprimento das normas básicas de convivencia, difundir información sobre actividades de interese, exercer como voceiro do grupo, e animar ao alumnado a participar nas enquisas de satisfacción.

A representante do alumnado, Isabel Simil, suxire engadir tamén un apartado no que se especifique o que non é obrigatorio facer como delegado ou delegada.

Debátese tamén ter en conta algún tipo de compensación para o alumnado delgado de curso.

Acordase comezar a traballar a partires destas ideas coas coordinadoras de Titulación de Grao e a vicedecana invita a participar aos coordinadores dos Masters.

Apróbase a elaboración dun documento guía de funcións de delegados de curso.

6. Revisión e análise dos Plans de Melloras 2022-23 e 2023-24. Debate e acordos a tomar.

A presidenta da comisión da a palabra á vicedecana Paula López, que comenta que vai ter unha reunión cos representantes da Facultade de Ciencias da Educación para establecer un plan de traballo para os informes de seguimento dos títulos.

A vicedecana presenta un documento coas accións de mellora pechadas e abertas, tanto do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil como de Grao en Mestre/a de Educación Primaria, que vai comentando e debatendo cos demais membros da comisión. Estas accións corresponden as accións conxuntas das dúas facultades (FFP-FCE) e as accións propias da FFP.

Acórdase avanzar nas novas accións abertas, como o itinerario formativo do profesorado, e revisar as que están pendentes de cursos anteriores.

7. Revisión e análise da versión preliminar do Plan Estratéxico de Centro 2024-26. Debate e acordos a tomar.

A presidenta da comisión cede a palabra á vicedecana Paula López, que procede a presentar a última versión do Plan Estratéxico de Centro para ir completando algunha información que queda pendente e tomar decisións sobre algún puntos concretos, antes de levalo a exposición pública. Esta versión xa está adaptada ao novo formato que se solicita. Os elementos obrigatorios deste novo formato son: portada; misión, visión e valores do centro; análises DAFO e CAME; líñas estratéxicas e obxectivos.

Despois de revisar cada un dos apartados e decidir as metas cuantificables dos obxectivos acordase facer a versión definitiva de Plan Estratéxico de Centro 2024-26.

8. Revisión e análise da versión preliminar da Guía para profesorado de nova incorporación. Debate e acordos a tomar.

A presidenta da comisión da a palabra á vicedecana Paula López, quen presenta a versión preliminar desta Guía para profesorado de nova incorporación, indicando que tamén

pode ser interesante para o resto de profesorado. Révisase todo o documento e complétanse algúns datos que faltaban.

Acordase facer unha consulta a todo o profesorado sobre a utilidade desta Guía a través dun formulario para recoller opinións e suxestións de mellora. Para elo enviarase un correo a todo o PDI co documento e a ligazón ao formulario.

9. Rolda aberta de intervencións.

O profesor Carlos Dosil pregunta pola necesidade de autorización de recollida de datos nas aulas de Secundaria para as pequenas investigacións dos TFM. A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, indica que xa fai anos que hai que solicitar autorización se se quere pasar enquisas nas aulas. Explica que o procedemento é o seguinte: Hai que facer unha solicitude a través do formulario do Comité de Bioética da USC ao Decanato da Facultade. A comisión de Bioética da FFP elabora un informe que se remite á Comisión de Bioética da USC, quen aproba ou non a autorización.

Sen mais intervencións a presidenta da comisión agradece a presenza e o traballo de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Vº e Prace da Presidenta

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado

Asdo: M. Carmen Sarceda Gorgoso

ANEXO

- **Novas Comisións da Facultade de Formación de Profesorado**

COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE DA FFP

- Decana: **M. Carmen Sarceda Gorgoso**
- Vicedecano e Vicedecana:
 - **Santiago López Gómez**
 - **Paula López Rúa**
- Secretaria: **Virginia Aznar Cuadrado**
- PDI con vinculación permanente
 - **Mari Carmen Caldeiro Pedreira**
 - **Francisco Xosé Candia Durán**
 - **Pablo González Sequeiros**
 - **Pablo César Muñoz Carril**
 - **Lina Iglesias Forneiro**
 - **Marta María Poncet Souto**
 - **Xosé Ramón Veiga Alonso**
- PDI sen vinculación permanente: **Cristina Lois Prados**
- Estudantes
 - **Pilar Carreira Valle**
 - **Candela Estremeiro Astorgano**
- Representante PAS: **Ana María Brao Viña**

COMISIÓN DE CALIDADE DA FFP

- Decana: **M.ª Carmen Sarceda Gorgoso.** (presidenta)
- Responsable de calidade-vice-decana: **Paula López Rúa**
- Secretaria da Facultade: **Virginia Aznar Cuadrado** (secretaria)
- Coordinadora de calidade: **María José Romero Castro**
- Coordinación de titulacións:
 - **Alba María Souto Seijo.** Grao en Mestre/a de Educación Infantil
 - **María Campos Magdaleno.** Grao en Mestre/a de Educación Primaria
 - **Carlos Dosil Díaz.** Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas
 - **M. Carmen Sarceda Gorgoso.** Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
- Coordinación xeral do Prácticum: **Olaya Santamaría Queiruga**
- Coordinación do TFG:
 - **Santiago López Gómez.** Coordinador TFG en Educación Infantil
 - **M. Carmen Sarceda Gorgoso.** Coordinadora TFG en Educación Primaria
- Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos: **Ana María Brao Viña**
- Representante do estudantado:
 - **Isabel Simil Romero**

– **Natalia Fernández Fernández**

COMISIÓN DE TÍTULO DO GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Presidenta. **M.ª Carmen Sarceda Gorgoso** (Decana)
- Responsable de calidade- vicedecana. **Paula López Rúa**
- Secretaria e coordinadora do título. **María Campos Magdaleno**
- Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos. **Ana María Brao Viña**
- Coordinadora xeral do prácticum e coordinadora do prácticum de grao. **Olaya Santamaría Queiruga**
- Coordinadora do 1º curso: **María Campos Magdaleno**
- Coordinadora do 2º curso: **María José Romero Castro**
- Coordinadora do 3º curso: **Virginia Aznar Cuadrado**
- Coordinadora do 4º curso: **Anastasiia Ogneva**
- Representante do estudiantado: **Débora Vázquez Louzao**

COMISIÓN DO PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO

- VICEDECANO: **Santiago López Gómez**
- COORDINACIÓN XERAL DO PRÁCTICUM: **Olaya Santamaría Queiruga**
- COORDINACIÓNS DE TÍTULO
 - **Alba María Souto Seijo** (Grao en Mestre/a de Educación Infantil)
 - **María Campos Magdaleno** (Grao en Mestre/a de Educación Primaria)
- COORDINACIÓNS DO PRÁCTICUM DE CADA GRAO
 - **Olaya Santamaría Queiruga** (Grao en Mestre/a de Educación Infantil)
 - **Pablo González Sequeiros** (Grao en Mestre/a de Educación Primaria)
- COORDINACIÓNS DE TFG
 - **Santiago López Gómez** (Grao en Mestre/a de Educación Infantil)
 - **M. Carmen Sarceda Gorgoso** (Grao en Mestre/a de Educación Primaria)
- ESTUDANTES
 - **Sabela Pérez Taboada**
 - **Laura Blanco Valcárcel**

COMISIÓN DE XÉNERO

- Representantes do PDI
 - **Eva María Barreira Cerqueiras**
 - **Santiago López Gómez**
 - **M. Carmen Sarceda Gorgoso**
 - **Alba María Souto Seijo**
- Estudiantes: **Nuria Méndez Feijoo**

- Persoal da Administración e Servizos: **Luis Blanco Rivadulla**

COMISIÓN DE BIBLIOTECA

- Decana: **M. Carmen Sarceda Gorgoso**
- Director da Biblioteca: **César Gómez Pérez**
- Representantes do PDI
 - **Virginia Aznar Cuadrado**
 - **Eva María Barreira Cerqueiras**
 - **Paula López Rúa**
 - **Marta María Poncet Souto**
 - **Montserrat Souto Gómez**
 - **Xosé Ramón Veiga Alonso**
- Estudantes
 - **Gonzalo A. Dorribo Villarino**
 - **Laura Varela Díaz**
 - **Natalia Fernández Fernández**

COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Representantes do PDI

- **Francisco Xosé Candia Durán**
- **Uxía Garrido Filgueira**
- **Pablo González Sequeiros**
- **Xosé Ramón Veiga Alonso**
- Estudantes: **Gonzalo A. Dorribo Villarino**
- Persoal da Administración e Servizos: **Luis Blanco Rivadulla**

COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS E SERVIZOS

- Vicedecano: **Santiago López Gómez**
- Representantes do PDI
 - **Mari Carmen Caldeiro Pedreira**
 - **Pablo González Sequeiros**
 - **Lina Iglesias Forneiro**
 - **Marta María Poncet Souto**
- Persoal da Administración e Servizos: **Fernando Hervella Gómez**
- Representantes do Alumnado: **Gonzalo A. Dorribo Villarino**

COMISIÓN DE DOCENCIA E VALIDACIÓNS

- Vicedecano: **Santiago López Gómez**
- Representantes do PDI:
 - **Mari Carmen Caldeiro Pedreira**
 - **Marta María Poncet Souto**
 - **Montserrat Souto Gómez**
 - **Alba María Souto Seijo**
- Persoal da Administración e Servizos: **Ana María Brao Viña**
- Representantes do Alumnado: **Isabel Simil Romero**

COMISIÓN DE BIOÉTICA

- Representantes do PDI
 - **Agrafojo Nieto, María Helena**
 - **Gómez Gómez, María Carmen**
 - **Navarro Patón, Rubén**
 - **Ogneva, Anastasiia**
 - **Souto Gómez, Monserrat**
 - **Veiga Alonso, José Ramón**

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/05/2024 14:18:18.

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/05/2024 14:14:23.

CSV: 37AF-077F-49CD-9790